

Texto: **ANTONIO RODRÍGUEZ ALMODÓVAR**

Ilustracións: **MARC TAEGER**

40 páxinas a toda cor. 22x22 cm.

Encadernado en cartón

Dispoñible en:

-Galego: "A verdadeira historia de Carapuchiña". ISBN 84-8464-512-6

-Castelán: "La verdadera historia de Caperucita". ISBN 84-933755-9-4

Prezo: 12 €



A VERDADEIRA HISTORIA DE CARAPUCHIÑA

PREMIO DANIEL GIL DE DESEÑO EDITORIAL 2005 AO MELLOR ÁLBUM INFANTIL

Había unha vez unha nena moi xeitosiña que vivía nunha aldea, preto dun bosque. Chamábanlle Carapuchiña, ou Carapuchiña Vermella, porque a súa avoa, que vivía noutra aldea dos arredores, regaláralle unha capa desa cor, cunha carapucha para o frío...

Detalles que ata agora pasaran desapercibidos sobre a vida cotiá de Carapuchiña -a súa torpeza para a costura, a súa fama de larpeira, a súa curiosidade extrema- saen á luz nesta obra. Froito dun intenso labor de investigación, Rodríguez Almodóvar non escatima en detalles: conversas entre nai e filla, entre nena e lobo, están fielmente plasmadas...

Así, desentraña escrupulosamente o plan do malvado animal para devorar a unha Carapuchiña que se describe como unha cativa inocente e temerosa á vez, aínda que habilmente astuta ao final do conto. Cunha linguaxe descriptiva e abundantes pinceladas poéticas, o autor non elude evocar paisaxes características do relato clásico: "*avoiña, que uñas tan grandes tes, que ombros tan anchos, que nariz...*".

A dedicación do autor, afondando nas numerosas versións que circulan por todo o mundo sobre as peripecias de Carapuchiña, queda plasmada nesta "verdadeira historia", con personaxes tan trascendentais para un desenlace feliz como o gato da avoa.

Este clasicismo narrativo contrasta co carácter vangardista e rompedor da parte ilustrativa. Marc Taeger presenta un estilo rústico e contundente: a súa Carapuchiña ben podía ter saído do garabato de calquera neno, o seu lobo ben podía ter fuxido dun cadro de Picasso. Vermello, branco e negro é a gama cromática fundamental das composicións, elaboradas con técnicas específicas nas que mesmo se evidencia un traballo de experimentación previo. A paisaxe adquire un gran protagonismo, compartido coa expresividade dos personaxes: a representación de Carapuchiña sorprenderá en todas e cada unha das páxinas deste libro.

ANTONIO RODRÍGUEZ ALMODÓVAR

(Alcalá de Guadaira-Sevilla, 1941)

Autor dunha vintena de libros, principalmente contos e relatos infantís e xuvenís. Tamén cultivou xéneros como a novela e a poesía, ademais de guións para televisión e obras de teatro. Doutor en Filoloxía e Catedrático de Instituto de Lingua e Literatura Española, publicou estudos sobre a teoría da narración e do texto poético en clave semiótica.

Como resultado dos seus estudos e traballos de recuperación dos contos populares xurdiron algunhas das súas obras: *Cuentos maravillosos españoles*, *Cuentos de la media lunita...* Entre os galardóns que recibiu destacan o Premio Internacional "Infanta Elena" de Narrativa Xuvenil, coa súa novela *Un lugar parecido al paraíso*, p Premio Nacional de Literatura en 1985 ao libro mellor editado por *Cuentos al amor de la lumbre*, e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2005 por *El bosque de los sueños*.

MARC TAEGER (Berna, Suiza, 1963)

Despois de ter vivido en Milán, Nápoles (Italia), Schriesheim (Alemaña) e Lisboa (Portugal), Marc Taeger instalouse en Barcelona en 1975, onde estudou deseño gráfico. Actualmente reside en Galicia, dende onde continúa traballando como deseñador para medios de prensa e axencias de publicidade. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son algúns dos eidos nos que realiza a súa obra, que se expuxo en Luxemburgo, Alemaña, China, España e Francia, entre outros países. Tamén ilustrou para KALANDRAKA o álbum infantil titulado "Aquilaes, o puntiño". Foi o creador da imaxe gráfica da I Feira do Libro e da Industria Cultural de Galicia 'CulturGal'.